

O ESTALEIRO DE PURRO EN BUEU

Dende a asociación Os Galos informamos da situación que se esta a dar con respecto ao estaleiro de carpintería de ribeira da Banda do Río. Neste breve resumen explicamos cales son os pasos que ata o momento demos para defender o noso punto de vista, que supoñemos será igual de respectable que o de calquera outra persoa ou colectivo.

A Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos, nace no ano 1996, e a súa orixe está totalmente vencellada á carpintería de Purro, xa que nesta edificación constrúese o bote polbeiro *As Lagoas*, a nosa primeira embarcación (doadada pola asociación *As Lagoas*). Tamén ahí se constrúen o bote xeiteiro *Os Galos* e a traíña *Pescadoira*. Pero o verdadeiro valor do estaleiro ven por ser o último exemplo da carpintería de ribeira no noso Concello, por iso sempre pensamos na posibilidade de mantelo, aínda que non no estado actual.

Tralo acordo nun pleno, do 2005, no que se decide derrubar o serradoiro de Freire e o **estaleiro de Purro**, para continuar co paseo marítimo, os Galos queríamos facer ver a importancia de manter en pé o estaleiro. Dende logo, coincidimos moita xente en que o actual estado da edificación é perigoso e insalubre, e que a súa conservación pasa por un proxecto consensuado de restauración. Esta restauración debe decidir os materiais a empregar, as dimensións, os usos e a xestión. E tamén, se así se considera, a súa ubicación, aínda que na nosa opinión, a alternativa mais viábel e conservalo onde está. quede pois claro que a nosa proposta é a restauración, pero unha restauración consensuada que debe ser liderada polas institucións públicas, e en concreto polo Concello.

Ante esta situación, os Galos decídense a facer reunións cos grupos políticos municipais e coas asociacións de veciños directamente afectadas, para expoñerlles esta idea que noutros lugares saíra adiante. Propoñendo darlle un uso como anexo do Museo Massó, como taller-obradoiro artesanal de reparación e construción de embarcacións tradicionais e como aula de

carpintería para a formación de xoves aspirantes a carpinteiros, aínda que solo sexan eventuais, como se fixo recentemente en Moaña con un numeroso grupo de mozos e mozas chegados de outras comunidades autónomas para os campamentos de verán do 2006.

Pensabamos que o Concello consultaría coa Dirección Xeral de Costas o estado de ocupación no que se atopaba o inmobile, para posteriormente estudar o noso proxecto, así se acordara na reunión coa alcaldesa; e que tanto o grupo de goberno do Concello como os partidos políticos recollían a nosa idea e dedicarían algún tempo a debatela. Pero despois de tantas palmadas nas costas e, sen que ningún grupo político nos comunicase formalmente que lle parecía a nosa proposta, decidiron, **en setembro 2006, solicitar a demolición do estaleiro.**

Para que se entendera un pouco mellor esa baga idea de “escola-obradoiro- museo” quixemos expoñela de xeito práctico, mostralo, facelo real, mentres era posible. Primeiramente: **previa autorización dos propietarios para levala adiante**, limpouse e adecentouse na medida do posible, subíronse algunhas embarcacións para ser reparadas, como cada ano requiren. Convocouse á prensa e iniciase unha recollida de firmas en apoio a esta iniciativa.

Así estaban as cousas, pasa o mes de outubro e de novembro mantendo unha loita dialéctica na prensa local, na que ademais dos Galos (Faro Vigo-Morrazo, venres 10 de novembro, pax 11) posicionáronse a favor outras persoas e colectivos (Anduxía, etc.) do concello (Faro Vigo-Morrazo, venres 27 de outubro, pax. 10, e martes 7 de novembro, pax 8), tamén saíron opinións en contra (martes 24 de outubro,pax10)

O venres 24 de novembro sae unha nova noticia: **“Costas comprará una parte del solo que ocupa el astillero de Purro”**, pero a máis descorazonadora foi cando, poucos días despois, a prensa local publica unha noticia que pode acelerar os acontecementos: **“Costas avala el derribo del astillero de**

“Banda do Río” a esta noticia engadíase outra: “Los vecinos recogen más de 500 firmas para su retirada.

Eses veciños non eramos nós. O proceso de recollida de firmas a favor da nosa proposta de restauración aínda non está rematado. Nós non fixemos aínda relato, pero pensamos que a cantidade de firmas que nos apoian tampouco poden ser iñoradas. En vista das que por agora nos avalan, pensamos que non sería totalmente xusto facer ese derribo sen considerar a posibilidade antes de revalorizalo.

Hai que dicir tamén que, a pesar dos intentos dalgúns políticos de turno, este asunto **non debería enfrontar** ós veciños xa que a idea dos Galos conlevaría renovar esta estrutura dándolle unha nova cara para integrala no entorno e a “nova” instalación non produciría ruídos ou molestias no entorno.

Nunha ocasión dixo un veciño de Bueu: “Veciños da Banda e responsables políticos, non hai mellor solución que derrubar o taller e substituílo por un enlousado con palmeiras?”

Nós veciño, clamamos ao ceo para que esa solución exista.

Se a solución é derrubar, a asociación Os Galos lamentará a falta de consideración pola súa demanda e a falta de perspectivas para o concello en xeral que os nosos representantes amosan neste momento e para esta causa, que nos pode levar a perder un anaco máis da nosa identidade. Se queremos que o noso pobo teña unha oferta cultural atractiva, non podemos seguir a destruír o noso patrimonio e darlle as costas ao noso pasado mariñeiro.

Apostemos pola cultura, polos nosos símbolos de identidade. Aceiras e paseos hai en todos lados pero un estaleiro-museo, no final do paseo da Banda do Río, como o de Purro non hai outro.

Os seguintes pasos a dar por parte da Asociación, son os aprobados en asemblea xeral de socios, realizada o **23 de decembro do 2006**.

1- Solicitar que o lugar sexa recoñecido e declarado ben de interese cultural polo seu valor etnográfico. Realizaranse varias

reunións coas distintas administracións implicadas, para o cal contamos coa colaboración, imprescindible para nos, de D. Dionisio Pereira e co apoio da FGCMF.

2- Seguir utilizando o estaleiro con máis xornadas de portas abertas, invitar á xente, a eses veciños que non coñecen o valor que pode ter, a entrar e a ver os traballos que alí se expoñen: as embarcacións, as ferramentas, antigas artes de pesca, as fotos, unha curiosa colección de fragmentos de pezas de cerámica recollidas na area da praia de Pescadoira, e diverso material.

3- Tamén se están a facer Unidades Didácticas para ofertar ós posibles Centros de estudos que soliciten visitar as instalacións, sempre que se poida contar cos permisos e seguros escolares correspondentes.

4. Elaboración dun folleto informativo para a dar a coñecer esta iniciativa ós veciños de Bueu.

Asinado: Xunta Directiva da Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais “Os Galos” de Bueu.
Bueu 3 xaneiro do 2007